

Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo

ACTA

Acta aprobada na sesión plenaria do 21/10/2015

Data	20/11/2014		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:10h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	20:40h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> • Presidenta, Mª Olga Alonso Suárez • Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero • Secretario, Pedro Mª Vázquez Iglesias • Representante da Administración Educativa, Antonio Estévez Rodríguez <p>- Sector docente:</p> <ul style="list-style-type: none"> •Eugenio de la Iglesia Delgado •Anxos Collazo Trigo •Xesús Rodríguez Amil •Rafael Dominguez de la Iglesia •Ángeles Crespo Fuster •Isabel López Lorenzo •Santiago Rodríguez Sánchez <p>- Sector usuarios/as:</p> <ul style="list-style-type: none"> •Mª Jesús Granja Pereira •Mª Bertila Fernández Pérez •Yolanda González Larrañaga substituíndo a Vanesa Villa Blázquez •Fernando Vázquez González substituíndo a Mª Dolores Rodríguez Díaz <p>- Sector social:</p> <ul style="list-style-type: none"> •Esperanza Dacosta Dapena •Carlos Bacelo Bacelo •Xan F. Centrón Montero •Manuel Vieites García 		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> •Sector docente: Pedro Nozal Cantarero •Sector docente: Agostiño Nieto Pazo •Sector docente: Antonio Madrid Risquez •Sector usuarios/as: Ana Thaily Montilla •Sector usuarios/as: Carmen Esteban Romero •Sector social: José Antonio Fernández Rodríguez •Sector social: Cipriano Luis Jiménez Casas •Sector social: Francisco Piñeiro Lorenzo •Sector social: Manuel Alonso Vieytes •Sector social: Iolanda Veloso Ríos 		
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> •Sector social: Consuelo Martínez García •Sector usuarios/as: Mª Cristina de la Calle Rodríguez •Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado •Sector usuarios/as: Cynthia B. Pereira Romero •Sector usuarios/as: Silvana Mª Moscoso Pérez 		

Temas abordados

1. Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.
2. Renovación regulamentaria de membros do CEMV
3. Informe da Presidenta do CEMV
4. Informe memoria anual da actividade do CEMV
5. Informe memoria sobre as II Xornadas sobre convivencia escolar.
6. Informes das comisións de traballo
7. Propostas e mocións da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa e da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa:
 - Respaldo do Concello de Vigo á Mesa de Traballo dos Comedores
 - Actividades inclusivas na oferta municipal
 - Adscrición das ensinanzas artísticas superiores á universidade
 - Contratación do persoal para formación e avaliación en lingua galega (CELGA)
 - Proxecto de reforma do comedor CEIP García Barbón.
8. Rogos e suxestións

Antes de principiar a xuntanza, o secretario informa de que Olga Alonso é a nova Concelleira de Educación polo que será desde agora e mentres ostente aquel cargo a Presidenta do CEMV. Feita a presentación comeza a xuntanza.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

Procédese á votación da acta que previamente se enviou a tódolos membros do Pleno para a súa lectura.

Acordo

Acórdase aprobar a acta da Xuntanza Ordinaria do 10 de abril de 2014

2.- Renovación regulamentaria dos membros do CEMV

O Secretario explica que se vai comezar o proceso de renovación por completo do órgano colexiado xa que agora remataron os catro cursos académicos desde a

constitución do CEMV. Informa de que as eleccións sindicais no sector docente serán o 4 de decembro, polo que se considerou conveniente, e así se decidiu na Com. Permanente, agardar a ter os resultados deste proceso xa que del depende un terzo da composición do órgano. Explica que a principios de 2015 se iniciará o proceso de elección do alumnado e cando se teña o resultado das eleccións sindicais se fará o resto.

A Presidenta comenta que agora que se inicia o proceso de renovación, se fará fincapé en que os alumnos e alumnas estean representados.

3.- Informe da Presidenta do CEMV

- **Aprobación definitiva orzamento 300.000.-€ en obras de accesibilidade en 21 centros públicos da cidade**, para traballos de eliminación de barreiras arquitectónicas existentes, substitución de escaleiras por rampas, colocación de varandas e pasamáns, aseos adaptados para discapacitados. **Adxudicado a empresa “Galaicontrol, S.L.” e período de execución dous meses e medio.** Engadido ao investimento de 100.000.-€ en obras de mellora feitas no verán en centros públicos da cidade.
- Obras de mellora e mantemento a realizar por importe de 166.000.-€ ata 31 de decembro de 2014 nos centros públicos:

COLEXIO	OBRA	IMPORTE
Ceip Valle Inclán	Derrubo vivendas mestres	53.353.-C
Ceip Igrexa Candeán	Derrubo vivendas mestres	45.900.-€
Ceip Chouzo	Adaptación baños	18.060.-e
Ceip Frián Teis	Reparación peche lateral	14.991.-e
VARIOS	VIGO EMPREGA	14.730.-e
Ceip Cabral Carballal	Asfaltado pista polideportiva	8.470.-€
Ceip Mosteiro Bembrive	Reparación canaletas	6.221.-€
Ceip Pombal	Peche posterior recinto	2.783.-€
Ceip Valadares Sobreira	Humidade fachada	2.000,-e

- A UNED-VIGO triplica a súa matrícula grazas, e pasa de 117 a 399 alumnos grazas á implantación de cinco novos graos: Dereito (133), Enxeñería Informática

(60), Educación Social (37), Turismo (26) e Enxeñería Tecnoloxía Información (17).

A oferta de formación paralela “Senior” pasa de 11 a 25 alumnos no curso “Vigo e a súa ría, patrimonio e sociedade” sobre diferentes ámbitos do patrimonio vigués.

Nos cursos de idiomas, linguaxe de signos, caligrafía, deseño gráfico, nutrición, fotografía... teñen participado dende setembro 220 alumnos.

- Concedeuse unha subvención de 67.274,81.-€ que posibilita o desenvolvemento de 449 actividades extraescolares en 52 Anpas para un total de 8961 alumnos/as, no marco do convenio coa Foanpa 2014 que ten autorizado un importe de 606.039,31.-€
- As Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas ultiman a súa proposta de actuación de festivais de Nadal no mes de decembro.
Terán lugar no Auditorio Municipal (EMT 17/12/14 +EMMV 18/12/14) e ao longo de todo o mes de decembro actividades de rúa nun palco na Porta do Sol por parte da EMT, EMMV, E-TRAD, EMD
- 300 alumnos/as participantes no programa municipal de inmersión lingüística “Vigo en Inglés 2014”, inician a súa estadía entre 21 de novembro e 17 de decembro de tres semanas nun High School de integración e familia de acollida. Custe anual de 679.905.-€ e adxudicado por dous anos. A Concelleira destaca a implicación e compromiso que tiveron profesores e equipos directivos dos centros para poder levar a cabo o programa este ano, dado o complexo que foi a causa dun recurso que se resolveu finalmente de xeito favorable á administración local.
- Convocatoria de 43 Bolsas municipais alumnado da Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV) para estancias lingüísticas no estranxeiro: Londres 30, París 5, Berlín 3, Roma 2, Lisboa 1, Tokio 1 e Pekín 1. Presentadas 170 solicitudes que están en fase de baremación para resolver esta convocatoria.
- Ultimando **contratación da xestión e transportes gratuíto de desprazamentos no programa educativo “VIGO EDUCA - Vigo por Dentro”**, cun importe de 150.000,-€ para 2 anos que permitira sufragar un máximo de 715 desprazamentos/ano para facilitar o coñecemento didáctico-cultural da cidade de Vigo + ferramenta web versátil e dinámica mediante **portal web educativo** con información relacionada co patrimonio cultural de Vigo.

Informa ademais de que a día de hoxe existe unha petición feita pola fundación IGUALARTE para ocupar as instalacións da EI Rúa Palencia agora pechada. Dado que esta Fundación fai unha labor importante a nivel educativo con moitos nenos e nenas, informa de que se está a traballar na elaboración dun convenio para cederlles o uso deste espazo.

Comenta tamén que desde a comunidade educativa da Escola Infantil Hernán Cortés lle fixeron chegar a petición de traslado do centro ao edificio da “Gota de Leche”, ao non toparse o actual en condicións idóneas. A Concelleira explica que o edificio solicitado non é municipal, é da Xunta, pero dado que é unha petición moi razoable, comenta que se van reunir con eles e que lles vai propor que trasladen a petición á xefatura territorial.

Rematada a exposición da Concelleira, Isabel López comenta que non lle parece ben que se ceda o espazo de Rúa Palencia a IGUALARTE xa que a cidade é deficitaria en espazos educativos para educación infantil, e perder este espazo non é para nada unha boa política. Se é preciso que se arranxe ou que se vexa como trasladar aos nenos ata alí, pero que non se perda. Ademais disto, comenta que sería interesante ter os datos que presenta a Concelleira previamente, xa que así se poderían traer analizados ao Pleno.

Santiago Rodríguez comenta que antes de cederllo a esta fundación ao mellor era interesante estudar que necesidades pode haber na cidade, porque unha vez cedido a IGUALARTE non se lle vai pedir que o devolvan se xorde unha necesidade. Pensa que antes de saber se os alumnos de Hernán Cortés se poden trasladar á “Gota de Leche”, non se debería soltar Rúa Palencia. En canto aos derrubamentos das casas de Valle Inclán e Igrexa Candeán, Santiago pregunta se a obra é inminente, ao que a Presidenta responde que si, que se fará antes de que remate o ano.

Santiago comenta ao respecto do programa Vigo Educa, que se destinan 150.000 do cal case todo é para transporte e por outro lado se mantén o programa Vigo en Inglés cun custo elevadísimo do que so se aproveitan 343 alumnos. Pensa que está totalmente descompensado, xa que de Vigo Educa se benefician moitos máis escolares, chégase a moita máis poboación. Neste Vigo Educa bótase en falta toda a parte de monitoraxe que é a parte que realmente importa a nivel educativo.

Xesús Rodríguez comenta ao respecto do centro da Rúa Palencia, que o problema que tivo é que os rapaces que estudaban nel logo tiñan que ir ao CEIP A Doblada, cando o normal é que foran ao Pombal. Os pais deixaron de matricular aos rapaces e o centro deixouse morrer, pero a realidade é que nesta zona se precisan prazas de infantil. A día de hoxe está parado, pero antes de cedelo, coincidindo co que

comentaron os compañeiros antes, sería conveniente estudar ben as necesidades de espazos educativos. Pensa que logo vai ser máis difícil recuperar o uso do edificio.

Olga Alonso comenta que o Rúa Palencia leva xa dous cursos baleiro e que non sería bo que rematara caendo. Lembra que o peche do centro non foi unha cousa do Concello e que a día de hoxe non hai moitas opcións. Comenta que aparte de igualarte so tiveron peticións da Asociación Veciñal, e que aquel proxecto ten máis relación co ámbito educativo.

En canto a El Hernán Cortés comenta que cando se cerrou Rúa Palencia xa se valorou o traslado destes alumnos ao centro pechado, pero á comunidade educativa parécelle máis axeitada a solución que piden.

Por último, con respecto a Vigoeduca, comenta que cando o programa Vigo por dentro se cancelou, o que pedían os directores era sobre todo o transporte. Explica que precisamente como non queren que sexa só un programa de autobuses, se creou a páxina web na que se irán subindo contidos para que o profesorado os poida usar e facer a visita do mellor xeito posible. Ademais, a monitoraxe é precisa, pero non en tódolos casos, xa que algúns equipamentos e institucións xa teñen monitores propios.

Santiago Rodríguez di que xa que se fai fincapé no da web é porque se sabe que a parte de monitoraxe é importante, e a pregunta é canto suporía a maiores dotar de monitores aquelas visitas que o precisasen, e se parte deste orzamento se podería quitar dos outros programas que están máis dimensionados economicamente.

Pedro M^a Vázquez comenta que a partida no 2013 tiña 0€ e que agora no 2014 ten unha dotación económica que é limitada, polo que hai que priorizar e cubrir aquilo no que hai maior demanda, o transporte. Si é certo que na medida do posible se vai ir dotando de contidos a web para que siga tendo unha importante compoñente pedagóxica. Traballárase coa idea de que ano a ano o orzamento poida medrar e ir ofrecendo monitoraxe a aquelas visitas que o requiran.

4.- Informe memoria anual da actividade do CEMV

O Secretario presenta a memoria anual e pregunta se existen preguntas ou modificacións. Non sendo así procédese á votación para á votación co seguinte resultado:

Acordo

Acórdase aprobar a por unanimidade a memoria anual de actividade do CEMV

5.- Informe memoria sobre as II Xornadas sobre Convivencia Escolar

A Presidenta, antes da presentación da memoria, fai un agradecemento a Manuel Vietes, director da ESAD, pola cesión do espazo para o desenvolvemento das xornadas e a Carlos Bacelo, director do IES Audiovisual por prestar os medios técnicos precisos para o desenvolvemento das xornadas.

Dito isto Eugenio de la Iglesia, Presidente da Comisión, presenta o informe das II Xornadas sobre Convivencia.

2. Programa das Xornadas

VENRES 9 DE MAIO	
16:30-17:00	Acreditación dos/as participantes
17:00-17:30	Acto Inaugural Abel Caballero , Alcalde de Vigo Santos Héctor Rodríguez Díaz , Presidente do Consello Escolar Municipal de Vigo Eugenio de la Iglesia Delgado , Presidente da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV
17:30-19:00	CONFERENCIA INAUGURAL <i>Federico Mayor Zaragoza</i> Presidente da Fundación Cultura de Paz
19:00-19:30	Descanso
19:30-20:30	O QUE FALAS FALA DE TI <i>Concepción Diéguez, IES DE TEIS</i> <i>Mª Carmen Lorenzo Vila, CPR MONTERREY</i>
SÁBADO 10 DE MAIO	
10:00-11:30	O QUE FALAS FALA DE TI <i>Eva G. Menduiña, CEIP ESCULTOR ACUÑA</i> <i>Mónica Muñoz, CEIP FRIÁN TEIS</i> <i>Adela Pintado, ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SANTA CRISTINA</i>
11:30-12:00	Descanso
12:00-13:00	O QUE FALAS FALA DE TI: EXPERIENCIAS VECIÑAS <i>CEE JUAN MARÍN, NIGRÁN</i> <i>CENTROS EDUCATIVOS DE VILABOA</i>
13:00-13:30	Conclusións das Xornadas e Acto de Clausura Santos Héctor Rodríguez Díaz , Presidente do Consello Escolar Municipal de Vigo Eugenio de la Iglesia Delgado , Presidente da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV
13:30	Entrega de diplomas de asistencia

3. Datos técnicos

Lugar e data de celebración

Auditorio da ESAD de Galicia (Navia) 9 e 10 de maio de 2014

Cronograma de difusión e inscrición

DATA	ACCIÓN	OBSERVACIÓNS
2 de abril	Envío por correo electrónico dun avance informativo, anunciando as datas das xornadas	O envío por correo electrónico aos centros educativos do Concello de Vigo e as Facultades de Educación da Universidade de Vigo
21 de abril	Envío do programa oficial por correo ordinario e subida á web da información relativa ás Xornadas.	O envío por correo ordinario fíxose a tódolos membros do CEMV, aos centros educativos do Concello de Vigo e a todos os relatores das xornadas.
21 de abril	Envío do programa oficial por correo electrónico	O envío por correo electrónico fíxose a tódolos membros do CEMV, aos centros educativos do Concello de Vigo e as Facultades de Educación da Universidade de Vigo
21 de abril	Activación do formulario de inscrición na web	
Do 21 ao 6 de maio	Prazo de inscrición	Inscrición a través de formulario da web
3 de maio	Envío de reforzo indicando o inminente peche de prazo de inscrición	Envío por electrónico a tódolos membros do CEMV e aos centros educativos do Concello de Vigo.
Do 6 e 7 de maio	Sistematización da información	
7 de maio	Confirmación da aceptación de solicitudes	A través de correo electrónico
9 e 10 de maio	Celebración das Xornadas	

Aqasallo aos participantes

Ponentes: Cesta cun almorzo ecolóxico

Centros Educativos: Lote de xogos educativos para os 7 centros participantes adaptados ao centro ao que ían dirixidos


As II Xornadas sobre convivencia na prensa

<http://www.farodevigo.es/gran-vigo/2014/05/07/mayor-zaragoza-abre-jornadas-convivencia/1018413.html>


4. Análise da participación

Inscritos: 108 dos cales 22 non se presentaron ningún dos dous días

Análise da participación:



Perfil profesional dos inscritos:



5. Avaliación das Xornadas_A visión da comisión pedagóxica

A Comisión Pedagóxica, realizou unha análise das II Xornadas sobre convivencia baseándonos na seguinte matriz DAFO:

FORTALEZAS:

- A duración total das Xornadas, implementadas en dúas medias xornadas (venres tarde e sábado mañá), facilita o seguimento das mesmas e permite a participación de todos os interesados en, canda menos, algún momento.
- A loxística conformada polos medios de apoio audiovisuais facilita o seguimento do relato exposto por cada poñente e axuda a comprender as boas prácticas expostas en cada experiencia escolar.
- Contouse coa colaboración por parte dos equipos directivos da ESAD, que cederon o espazo e medios para a realización das xornadas, e do IES Audiovisuais, que se encargou de dar apoio técnico durante o evento.

- O material de apoio entregado polo CEMV para cada asistente: carpeta + bolígrafo + follas para anotar, é imprescindible para visibilizar as Xornadas e, por extensión o CEMV, así como para tomar notas de datos interesantes e anotar inxerencias e suxestións que propor posteriormente no tempo previsto para a participación dos asistentes na quenda de preguntas.
- A loxística organizativa con persoal de apoio claramente identificable axuda aos asistentes a recoñecer ás persoas ás cales poder dirixirse en caso de dúbida.
- A entrega do DVD cos materiais presentados nas Xornadas, permite que os asistentes afonden nas experiencias presentadas e dálles información adicional a presentada (datos de contacto, enlaces a webs de interese,...).
- A apertura das Xornadas, realizada por un poñente de recoñecemento social, contribúe ao aumento do número de inscritos, sitúa o contexto inicial das xornadas e xera interrogantes nas persoas alí presentes.
- Os tempos dados a cada relator aseguran unha exposición concreta e directa apoiada en diferentes medios que axuden a visibilizar e acompañar o discurso do relator.

DEBILIDADES:

- Nas Xornadas non participaron activamente as familias debido probablemente a que non tivemos a capacidade de motivalas.
- Non foi posible o control previo por parte da organización dos medios técnicos audiovisuais facilitados polo centro de ensino. Non se puideron probar ata as 15:00 do venres por estar ocupado antes o salón xa que é un espazo onde se imparten clases.
- Dificultade da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa do CEMV de motivar aos compañeiros/as Conselleiros/as para inscribirse nas Xornadas.
- A participación foi menor que no ano 2012, probablemente porque fallou a comunicación das xornadas.

OPORTUNIDADES:

- As experiencias de boas prácticas expostas facilitan á comunidade escolar unha visión real do tema abordado nunha realidade próxima.
- A exposición de boas prácticas realizada por centros escolares de diferentes etapas educativas e pertencentes tanto á rede pública como privada-concertada ofrece diferentes perspectivas moi enriquecedoras.
- Os materiais aportados polos centros educativos para expoñer durante as xornadas, complementaba á perfección as súas exposicións.
- Perfil dos asistentes, moi relacionado co eido socioeducativo e escolar, garante un aproveitamento exitoso das experiencias de boas prácticas expostas e favorece a expansión das mesmas polo entorno municipal.

AMEAZAS:

- Pouca participación por parte dos responsables da Administración Local. A ausencia do Alcalde e do Concelleiro de Educación, deixa nos asistentes a sensación da falta de compromiso coa educación na cidade.
- Escasa acollida e visibilización das Xornadas por parte dos medios de comunicación locais, o cal provocou que moita xente non estivera informada da celebración desta actividade.

- A non realización dunha rolda de prensa na que se mostre apoio institucional, resta visibilidade ás Xornadas
- A aceptación das Xornadas non chegou por igual a todos os sectores da comunidade escolar, polos datos de inscrición non se denota moita aceptación por parte das familias, o cal dificulta un aproveitamento homoxéneo dos relatos
- O efecto chamada dun relator de renome que inaugure as Xornadas, non garante que haxa continuidade no desenvolvemento das mesmas ao día seguinte.

Apoiándonos nos datos expostos anteriormente concluímos a seguinte valoración final:

En termos xerais pode dicirse que o resultado destas Xornadas municipais de Convivencia Escolar foi satisfactorio en canto á organización interna. Así e todo, salientamos o fallo que tivemos ao non contar coa importancia das familias na vida escolar. Na cidade temos unha Federación con 23 anos de existencia que sempre traballou en prol dunha convivencia dende moitos ámbitos: comedores, formación de xuntas directivas de ANPAS, mediación en conflitos, mediación coas Administracións, participación en foros defendendo o ensino público e a convivencia, e sempre en primeira liña de todo o relacionado coa educación da nosa cidade, dende a cidade e máis alá das nosas fronteiras. Polo que consideramos que unhas xornadas municipais de convivencia sen a presenza das ANPAS, neste caso representadas por FOANPAS, non son completas senón que lle falta unha pata ao banco da convivencia.

Unha das cousas máis positivas do evento foi a calidade das intervencións dos relatores e das temáticas expostas. O seu nivel de implicación foi moi alto, xa que non só participaron no día do evento senón que acudiron a diferentes reunións previas para facer unha posta en común do que serías as xornadas. Aportaron ademais excelentes materiais que usan nas súas aulas para complementar as súas intervencións que se expuxeron durante as Xornadas.

Non obstante, a Comisión Pedagóxica quedou moi insatisfeita pola escasa participación e pola falta de implicación dos representantes locais. Consideramos que a temática que centra as Xornadas, a convivencia, é suficientemente importante e atractiva como para que a participación da comunidade educativa sexa maior, e estamos convencidos que cunha maior difusión houbera funcionado mellor. O envío do programa a través de mail e correo ordinario aos centros educativos non é suficiente. Tampouco vemos suficiente o envío dunha nota de prensa desde o Concello aos medios. Pensamos que, solo a asistencia dun persoeiro como Federico Mayor Zaragoza, houbera sido suficiente reclamo de terse convocado unha rolda de prensa. Sabemos que o poder de convocatoria do Alcalde é moi elevado, e lamentamos que non houbera feito un chamamento desde a alcaldía aos medios para falar do evento. Estamos seguros de que o nivel de participación houbera sido distinto.

As xornadas dentro do deseño xeral do Consello Escolar de Vigo, eran o colofón necesario ao traballo feito pola comisión pedagóxica. Tratábase de substanciar o obxectivo fundamental desta comisión: a convivencia. As xornadas debían cerrar o camiño para dar sentido a todo o percorrido. O esforzo de planificación e selección de experiencias foi suficientemente intenso como para garantir unhas xornadas de calidade contrastada. Pero o esforzo da comisión non se viu acompañado polo interese do Concello.

É mais, houbo desinterese e deixazón de funcións por parte da Concellería de educación, dado que era o acontecemento que pechaba o curso, onde se atopaba toda a comunidade educativa, e incluso escolas dependentes do propio Concello. Os prazos de comunicación ás autoridades foron suficientemente amplos para programar a asistencia, que non se produciu nin na apertura nin no peche. Faltou de interese e deferencia cara aos poñentes, en xeral, e en particular cara Federico Mayor Zaragoza, que tiña que ter sido arroupado polo Concello.

Case podemos falar máis ben de fuxida. Os compoñentes da Comisión Pedagóxica sentímonos abandonados. Non se trata só de poñer diñeiro. A presenza das autoridades locais dá eco e cobertura mediática, e nada xustifica su ausencia. Outros actos da cidade contaron coa presenza do Alcalde e do Concelleiro, e aínda hoxe non sabemos a causa da súa ausencia. É claro que para os compoñentes do Consello Escolar foi unha bofetada ó seu traballo en toda regra, aínda que para as autoridades pasou desapercibido.

Nótase que vivimos realidades diferentes, e temos intereses diferentes. É de xustiza e é unha obriga por parte do Concello dar unha explicación, e facer unha declaración de intencións sobre o interese que ten para eles o Consello Escolar. Os feitos xa faláron. Moitos entendemos que o traballo para mellorar a educación na cidade pasa por outros escenarios, porque o traballo e o respecto aos que o fan debe ser sagrado. Por riba de todas as actitudes dos rexedores está a falta de respecto ao traballo dos conselleiros e colaboradores, tristemente habitual na sociedade, valorando ás veces outras actividades máis lucrativas o máis mediáticas.

Chegado este punto, esta comisión plantéxase se merece a pena manter este formato, xa que se fai un esforzo tanto humano, por parte da comisión e das persoas implicadas, como económico, por parte do Concello, que non se ve recompensado. Estamos seguros de que seguiremos traballando na convivencia, aspecto fundamental para a comunidade educativa, pero temos pendente facer unha reflexión para valorar se debemos seguir na mesma liña ou temos que facer outro tipo de actuacións.

Máis alá desta reflexión, facémonos eco dunha petición á que se fixo referencia varias veces ao longo do desenvolvemento das Xornadas. Cun sentimento case unánime, falouse da necesidade de restablecer o programa educativo municipal Aprender a Convivir, esencial para a comunidade educativa de Vigo.

6.- Informes das Comisións de Traballo

Santiago Rodríguez presenta o informe da Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa no que se fai un repaso da traxectoria da comisión nos últimos catro cursos escolares e se perfilan as liñas de futuro:

INFORME DA COMISIÓN DE EQUIPAMENTOS E PLANIFICACIÓN EDUCATIVA

Descrición da traxectoria da Comisión de equipamentos e de planificación educativa entre o 2010 e o 2014:

Ano 2010

Créase a comisión e iníciase a recollida de datos sobre o estado dos centros educativos da cidade, os comedores escolares e sobre as instalacións deportivas.

Ano 2011

Revisouse o Informe de Infraestruturas elaborado por técnicos do Concello de Vigo

Solicitouse á Universidade de Vigo a través do Concello a colaboración no estudo da zonificación

Ano 2012

Pedíronse informes á Concellaría de Educación sobre a situación das EI municipais, os comedores escolares, sobre infraestruturas de centros concertados, sobre uso de instalación do IMD, e sobre competencias en mantemento e infraestruturas do Concello.

Elaboráronse diferentes propostas e mocións que tras aprobarse no Pleno se trasladaron á Consellería de Educación (Peche de EI, necesidade de renovación de infraestruturas, solicitude para que a Xunta asuma o control dos comedores, ampliación da rede de transporte escolar,...)

Ano 2013

Analizáronse o anteproxecto de lei LOMCE e o anteproxecto do decreto de comedores e presentáronse mocións ao respecto.

Comezouse a realizar un estudo da zonificación escolar

Ano 2014

Traballouse na análise da zonificación escolar.

Establecéronse cales serían os criterios debería seguir a administración ao modificar a zonificación escolar existente na cidade.

Recompilouse información ao Concello e aos centros educativos para facer un estudo sobre o mapa da cidade.

LIÑAS DE ACTUACIÓNS FUTURAS:

A comisión de Equipamentos e Planificación Educativa considera que é preciso ampliar a liña de traballo seguida nestes últimos catro anos pero outorgándolle un maior protagonismo ás actuacións municipais en materia educativa. É momento de darlle maior importancia á función educadora do Concello.

Neste sentido é fundamental que a Concellaría tome ao Consello Escolar como órgano realmente consultivo e o teña en conta desde o momento de xestión das súas actuacións, non limitándose a informar das accións cando xa están para ser executadas ou en execución.

Primordial tamén é que haxa un seguimento e continuidade sobre o traballo anterior de xeito que se constaten os avances producidos e as necesidades que permanecen sen resolver, retomando e actualizando os informes existentes sobre, por exemplo, o estado dos centros.

Tamén é necesario un maior compromiso político coas accións impulsadas desde o Consello e que se visibilicen en maior medida os resultados do traballo realizado de forma que se fomente tamén a participación dun maior número de Conselleiros no funcionamento das comisións.

Continúa Eugenio de la Iglesia presentando o informe da Com. Pedagóxica:

Descrición da traxectoria da Comisión pedagóxica e de innovación educativa entre o 2010 e o 2014:

Ano 2010

Créase a comisión e establécese como obxectivo prioritario traballar sobre a convivencia escolar.

- Recolleuse de información que permita facer un análise da realidade. Busca de información sobre plans e programas de convivencia noutras cidades.
- Solicitouse información sobre convivencia ao Observatorio Galego de Convivencia Escolar.
- Promoveuse un concurso ou banco de ideas sobre Boas Prácticas en Convivencia Escolar.

Ano 2011

- Realizouse una análise dos anteproxectos de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa e da Lei integral de igualdade de trato e non discriminación. Fixéronse no Pleno as achegas pertinentes.
- Deseñouse a proposta de realización de Xornadas sobre convivencia escolar do Cemv xunto co Servizo de Educación.

Ano 2012

Organizáronse e executáronse as I Xornadas sobre Convivencia Escolar

Ano 2013

Deseñouse e púxose en marcha unha acción puntual para recoller experiencias de boas prácticas que conxugaban convivencia e linguaxe, “O que falas, fala de ti”.

Ano 2014

Organizáronse e executáronse as II Xornadas sobre Convivencia

A COMISIÓN PEDAGÓXICA CARA AO FUTURO:

Os membros desta comisión non temos claro que o Consello Escolar Municipal sexa un órgano útil tal e como está funcionando a día de hoxe. A falta de proxección social fai que os representantes caiamos no desánimo, xa que estamos facendo un traballo invisible, convertendo a este, nun órgano prescindible. Pensamos que se debería dar maior visibilidade aos acordos que se adoptan no Consello e ás cuestións que nel se debaten.

Pérdese o carácter consultivo, non somos consultados á hora de tomar decisións que afectan á comunidade educativa da cidade de Vigo. O CEMV, por estar representado nel toda a comunidade, pode ser unha ferramenta moi útil que se está infrutilizando.

De cara á nova etapa consideramos fundamental que se establezan uns obxectivos claros, saber que se espera da Comisión e do propio CEMV. Ademais pensamos que é necesario que

haxa máis conexión entre o Pleno e as comisións de traballo, xa que dá a sensación de que traballamos por separado.

Fai falta un paso adiante das autoridades locais, dado que o compromiso que adoitan co Consello Escolar Municipal é moi laxo, e deixan ó órgano como un elemento case decorativo.

Os integrantes das Comisiones que son os elementos activos do Consello, botan en falta un apoio decidido, máis que unha simple connivencia co seu funcionamento.

Se non existe a crenza no órgano é mellor a súa disolución por respecto ao traballo das comisións. É un luxo que persoas con ganas e capacidade de traballo gasten enerxías en proxectos virtuais, sen visos de practicidade ou aplicación práctica.

Eugenio explica que, despois do comentado no informe que tanto para eles como para a outra comisión, hai algo que é primordial, que o Consello Escolar Municipal sexa un órgano útil e que a día de hoxe non lles dá a sensación de que o sexa, debido á falta de implicación do Concello. Pensa que debería ter unha presenza importante na vida educativa da cidade. Despois da celebración das Xornadas ven que falta proxección social do que fai o órgano e isto fai que caian no desánimo, coa sensación de facer un traballo invisible, cousa que o converte ao mesmo tempo nun órgano prescindible. Cree que é preciso que este órgano se escoite máis polo que representa, que é unha ferramenta desaproveitada. Comenta que tamén detectan desconexión entre o Pleno e as comisións de traballo, e indica que sería necesario de cara a nova etapa, que se estableceran cales son as funcións das comisións e que se espera destas. Conclúe que se non existe crenza no órgano case mellor era disolvelo.

Olga Alonso, responde que ela, como Concelleira, ten a crenza no CEMV máis que demostrada porque antes de estar en calidade de Presidenta, estivo anos formando parte deste órgano e sabe que é algo que custa moito e que require implicación. Di que o Concello apoia ao órgano por completo e que cree que é totalmente necesario. Pensa que o traballo das comisións é complicado e duro, porque nelas se xera toda a documentación que logo se leva ao Pleno, e que sabe que sempre acaban asistindo as mesmas tres ou catro persoas, e os ánimos van decaendo. Por isto pensa que é imprescindible, e convida aos presentes, que se sume máis xente a estes grupos de traballo.

En canto á solicitude de que se visibilicen os acordos do Consello, Olga Alonso comenta que sempre se envían á prensa todos os acordos. Comenta que ademais polo que a ela respecta, levará ao Pleno do Concello todos aqueles temas que saian deste órgano e que se consideren de importancia. O primeiro que vai levar ao Pleno é

unha moción que se trae a esta xuntanza no día de hoxe sobre as ensinanzas artísticas.

Bertila Fernández comenta que está de acordo co comentado polo seu compañeiro Eugenio. Di que para ela o ano 2014 foi un ano baleiro no que respecta ao CEMV. Traballouse moito nas comisións e parecía que non había receptividade. Agradece á nova Concelleira o apoio pero comenta que o seu antecesor non tiña demasiado interese no órgano. Bertila comenta que incluso en algún Pleno, se dedicou a mirar o reloxo e a pedirlle brevidade nas intervencións, o que considera unha falta de respecto a ela e ao resto dos membros. En canto ás comisións de traballo, comenta que a priori estiveron moi motivadas e que cando se xuntaban eran palpables as ganas de facer cousas, pero que ao longo do curso se foron desmotivando debido en parte á falta de implicación política. Un exemplo claro disto foi a falta de interese polas Xornadas, nas que non se presentou nin o Presidente do órgano nin o alcalde, e que para eles tiña que ter sido unha prioridade estar alí.

6.- Propostas de mocións

- **Moción da Comisión Pedagóxica sobre a adscrición das Ensinanzas Artísticas a universidade.**

Manuel Vieites, director da ESAD, presenta esta moción comentando que é unha petición dunha Asemblea cidadá que se constitúe en marzo de 2014. Explica que xa se enviou esta petición ao Ministerio de Educación, pero que a trae aquí xa que están intentando facer forza desde diferentes ámbitos. A idea é que o Concello se una a todas as voces que piden que as ensinanzas artísticas se adscriban á universidade como sucede no resto de países de Europa.

Actualmente non existen medidas orientadas a garantir que o alumnado galego das Ensinanzas Artísticas Superiores (EEAASS) poida conseguir una titulación de grao, equiparable en Europa de forma automática.

TEXTO:

Pedimos á Xunta de Galicia que as ensinanzas artísticas superiores se adscriban á universidade no curso escolar 2014-2015.

Anexo: "Solicitude da Plataforma Galega pola integración na Universidade das EEAASS"

Pola adscrición á universidade, camiño da integración

A Plataforma Galega pola Integración das Ensinanzas Artísticas Superiores (EEAASS) no sistema universitario galego empraza unha vez máis á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a poñer en marcha unha mesa de traballo coa finalidade de analizar

o proceso de adscrición e posterior integración das EEAASS no sistema universitario galego, e dando así fin a un problema que se remonta á Lei de Educación de 1970, que xa propoñía a integración das EEAASS na universidade.

Nun momento en que numerosas universidades privadas en todo o Estado están ofrecendo titulacións de grao nas EEAASS, semella especialmente preocupante que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria non poña en marcha medidas orientadas a garantir que o alumnado galego poida conseguir unha titulación de grao, equiparable en Europa de forma automática.

Cómpre lembrar que a equiparación do título superior ao título universitario de grao que propón a LOMCE é unha norma de ámbito estatal, non de ámbito europeo, polo que o alumnado non verá recoñecida a súa titulación de forma automática, senón que terán que seguir procesos de validación, que supoñen dispoñer de tempo e moito diñeiro, e que sobre todo atentan contra a igualdade de dereitos e a libre circulación de traballadoras e traballadores nun momento en que a emigración supón a única alternativa laboral para tantas persoas.

Igualmente destacamos que segundo testemuñan as súas propias disposicións legais e normativas, na inmensa maioría de países do mundo as EEAASS forman parte da oferta universitaria, e así acontece en toda América, de norte a sur. En Europa na gran maioría de países as EEAASS forman parte da oferta universitaria, e cando iso non é así, os centros que as ofrecen están sempre adscritos a unha universidade. España, con Italia, é a única excepción a unha norma de valor universal, e un incumprimento do proceso de converxencia.

O alumnado ve minguado de forma notable os seus dereitos, desde o tipo de becas que poden solicitar até cuestións non menos importantes como comedores, bibliotecas (con fondos suficientes e acceso a bases de datos nacionais e internacionais), residencias, oficinas Erasmus, oficinas de promoción do emprego e orientación laboral, extensión universitaria, bolsas predoutorais, bolsas posdoutorais, servizos de teledocencia, equipamento informático, redes wifi..., e un longo etcétera.

Igualmente o alumnado non pode optar a unha especialización nos seus estudos, dado que non se estableceron mecanismos para a organización de estudos de posgrao que conduzan á obtención dos títulos de máster e doutorado, pois o actual Máster Artístico previsto no RD 1614/2009 non ten carácter universitario e non permite o acceso aos estudos de doutorado, tal e como establece a lexislación vixente (Real Decreto 99/2011, de 28 de xaneiro, artigo 6, 1 e 2). A única posibilidade para realizar estudos de doutorado no mesmo ámbito de especialización consiste en apuntarse nos estudos de posgrado que están organizando universidades privadas en todo o Estado.

En diferentes ocasións desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria trasladou á sociedade a idea de que os centros non están preparados para iniciar o proceso, cousa que resulta especialmente rechamante pois de non estarlo á propia Consellería compete o que o estean, asumindo a súa responsabilidade na promoción efectiva das EEAASS na súa integración no Espazo Europeo de Educación Superior e na súa incorporación aos Sistema Español de Ciencia e Tecnoloxía, como sinala a lexislación vixente sen que a día de hoxe se teñan dado pasos nesa dirección. Tamén hai que sinalar que na actualidade están adscritos ás tres universidades galegas centros privados que, nunha comparativa obxectiva, non contan cunha situación mellor que os centros públicos que demandan a adscrición e posterior integración.

Ademais a Consellería de Cultura, Educación e ordenación Universitaria conta cun consenso moi elevado para iniciar o proceso, cando menos nos centros que así o veñen demandando, o que implica a vontade das comunidades educativas para facer fronte aos retos e desafíos que o proceso de adscrición e posterior integración implique. Retos que foron quen de superar

titulacións como Maxisterio, Belas Artes, Mariña Civil, Relacións Laborais, Educación Física e outras, sen que a integración supuxese perda de calidade das ensinanzas senón todo o contrario. Recentemente produciuse a adscrición de titulacións como Enfermaría ou as que ofrece a Escola Naval Militar de Marín, sen que iso supoña demérito das ensinanzas ou dos centros que as ofrecen.

A adscrición e posterior integración na universidade nas ensinanzas artísticas superiores, e mesmo a adscrición permanente dalgunhas titulacións, é unha medida que non prexudica a ninguén, que beneficia á inmensa maioría e que goza de ampla aceptación nas comunidades educativas, como se pon de manifesto na conformación da propia Plataforma Galega. E por iso demandamos unha vez máis da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a apertura dunha mesa de traballo que permita que ao longo do curso escolar 2014- 2015 se inicie o proceso de adscrición.

Asemblea de alumnas e alumnos do CSM de A Coruña

Asemblea de alumnas e alumnos do ECRBC de Galicia

Asociación de alumnos e alumnas do CSM de Vigo

Asociación de alumnos e alumnas da ESAD de Galicia

Asociación de titulados en estudos superiores de arte dramática de Galicia

Asemblea aberta de nais e pais pola Integración na Universidade das EEAASS

Conservatorio Superior de Música de Vigo

Conservatorio Superior de Música de A Coruña

Escola Superior de Arte Dramática de Galicia

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

CIG Ensino, Confederación Intersindical Galega

Comisións Obreiras Federación do Ensino de Galicia

FETE-UGT Galicia.

STEG, Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galicia

Comenta con respecto a isto que no día anterior o Conselleiro de Educación presentou un convenio da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, mediante o cal os seus títulos van ser acreditados igual que os títulos universitarios. Isto é moi bo, porque xa comeza a sentar as bases, pode ser o paso previo para a adscrición. Por outra banda en Galicia, a Consellería está tendo unha boa actuación porque non permite que existan titulacións dobres, co que ningún centro privado pode impartir estas ensinanzas, como sucede en Madrid por exemplo onde un centro privado imparte ensinanzas artísticas en convenio coa Universidade de Kent.

Explica, que ademais da titulación, a idea é que os estudantes de ensinanzas artísticas poidan ter todas as vantaxes da vida universitaria, poder acceder a residencias, ter desconto no transporte público, gozar de bibliotecas adecuadas,...

Dito isto, sométese a moción a votación co seguinte resultado:

Acordo

Apróbase esta moción con 16 votos a favor e 1 abstención

- **Proposta da Comisión de equipamentos pedindo o apoio do Concello de Vigo á Mesa de Comedores**

Bertila fernández presenta a seguinte moción:

As circunstancias da vida e do mundo laboral teñen mudado moito dende fai uns anos. A escola foise adaptando a todos os cambios que se foron producindo para dar resposta ás necesidades das familias, dos nenos e das nenas. Así, púxose en marcha o comedor escolar, un servizo complementario durante o cal os nenos e as nenas se alimentan, aprenden hábitos de vida saudable, hábitos de hixiene, adquiren habilidades sociais, etc.

Na nosa cidade, mestúranse 3 tipos de xestión de comedor nos distintos centros educativos:

- **Xestión directa da Xunta:** son comedores que dispoñen de cociña polo que a Xunta a dota de cociñeiros/as para elaborar os pratos no centro. O/a responsable da xestión é o/a director/a do centro e pode estar vixiado polos/as mestres/as do centro, por coidadores/as formados ou por nais e pais do centro voluntarios/as.
- **Xestión indirecta da Xunta:** son comedores da Xunta pero servidos por unha empresa de cáterin. Ao igual que os de xestión directa, o/a responsable da xestión é o/a director/a e pode estar vixiado polos/as mestres/as do centro, por coidadores/as formados ou por nais e pais do centro voluntarios/as.
- **Xestión de ANPA:** son comedores xestionados integramente polas ANPAS dos centros escolares. En Vigo, comezouse con este tipo de xestión fai 13 anos, chegando a xestionar 45 comedores que na actualidade son 31. Co paso dos cursos foise gañando en experiencia e fóronse introducindo melloras alimentarias e educativas que dan resposta a todas as necesidades do alumnado e das súas familias, facendo unha labor de inclusión importante (dotando aos comedores de persoal especializado para atender ao alumnado NEAE). Faise un seguimento diario a través da ANPA e da Federación, xa que unha persoa encárgase de visitar os comedores a diario para verificar que todo vaia ben e existe unha comisión de traballo ao respecto.

Dados as incidencias que se están a producir en todos os comedores, independentemente do tipo de xestión, e o rexeitamento dende esta Federación cara o actual decreto que regula os comedores escolares na nosa comunidade, constituíuse unha mesa de traballo de comedores de Vigo.

TEXTO

Propoñemos que o Concello de Vigo respalde o traballo desta mesa de traballo e faga valer os acordos tomados ante a Xunta de Galicia, reivindicando ante a Consellería de Educación a garantía dos dereitos do alumnado, das familias e da comunidade educativa na súa totalidade.

Olga Alonso manifesta o total apoio do Concello a esta mesa de traballo. Dito isto, sométese a moción a votación co seguinte resultado:

Acordo
Apróbase a proposta por unanimidade

- **Proposta da Comisión Pedagóxica sobre as actividades inclusivas na oferta municipal**

Bertila Fernández presenta a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

A finais do 2001 formouse en FOANPAS a Comisión NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo). Esta Comisión naceu para dar resposta ás necesidades das familias con alumnado NEAE e para loitar polos dereitos deste alumnado. Ao longo destes anos, foron xurdindo novos retos e necesidades e unhas nais foron dando o relevo a outras. Na actualidade, esta Comisión está formada por familias e especialistas colaboradores/as que están a vivir o día a día da realidade das persoas con diversidade funcional.

Este grupo de traballo parte das convivencias e experiencias individuais e colectivas que están a experimentar no quefacer diario dos seus nenos e nenas con diversidade funcional no ámbito escolar. Dende as súas vivencias en centros de ensino público, enténdese que hai un obxectivo común que é a INCLUSIÓN real no eido socioeducativo, que vai máis alá da mera integración en centros de ensino ordinario.

Pero bótase en falta unha oferta de actividades educativas e de ocio por parte das Administracións, neste caso do Concello de Vigo, a través das cales os nenos e as nenas con diversidade funcional poden aprender, convivir e xogar cos seus irmáns e coas súas irmás, cos seus veciños e veciñas e con outros nenos e nenas da cidade.

TEXTO

Propoñemos que a organización da oferta municipal de actividades (piscina, deportivas, lúdicas, etc.) inclúa os medios necesarios para que resulten inclusivas, para que nelas poidan participar tódolos nenos e nenas da cidade, independentemente das súas capacidades. CON TODOS, COMO TODOS!

Bertila explica que desde FOANPAS e en concreto desde a Comisión NEAE se leva tempo traballando e loitando polos dereitos dos nenos e nenas independentemente das súas capacidades. Comentan que levan anos solicitando ao Concello que organicen actividades inclusivas, e que en moitas facetas si o conseguen pero que no deporte non. Pon o exemplo da natación como deporte moi beneficioso para os nenos e nenas NEAE e di que neste Concello non teñen a posibilidade de asistir aos cursos de natación escolar cos seus compañeiros. Di que levan tres anos esperando que o Concelleiro de deporte os reciba e lles dea unha solución.

Rafael Domínguez comenta que lle parece moi grave que a Concellería de Deportes da cidade estea cerrada en banda e non reciba nin lle dea resposta á FOANPAS. Olga Alonso asegura que se dará traslado inmediato disto á Concellería de Educación.

Dito isto, sométese a moción a votación co seguinte resultado:

Acordo
Apróbase a proposta por unanimidade

- **Moción da Comisión de Equipamentos sobre a contratación do persoal para a formación e avaliación en lingua galega (CELGA)**

Xesús Rodríguez presenta a seguinte moción:

Nos últimos anos, a Secretaría Xeral de Política Lingüística contaba cunha serie de licenciados/as en lingua galega para desenvolver, impartir e avaliar os cursos de formación en lingua galega (CELGA, cursos de linguaxes administrativas, xustiza, etc., probas libres,...)

Tras presentarse demandas diante da Inspección de Traballo das diferentes provincias, estas determinaron a existencia dunha relación laboral entre o profesorado que imparte os cursos CELGA e a Xunta. Estas resolucións contemplan a falta de cotización ao Réxime Xeral da Seguridade Social deste profesorado durante o período en que impartían estes cursos e comunica a alta de oficio dos períodos en que traballaron, desde o 2009 ao 2013.

Como represalia a estas resolucións, a Secretaría Xeral de Política Lingüística decidiu prescindir dos servizos destes case cincocentos profesionais, e comezar a ofertarlles o desempeño do seu traballo a outros/as traballadores/as en activo (profesorado de institutos, escolas de idiomas, gabinetes de normalización...).

A resposta destes sectores foi, moi maioritariamente, de solidariedade co profesorado CELGA e polo tanto de rexeitamento deste traballo extra, chegando a SXPL a contratar docentes para os cursos baixo o único criterio de teren a licenciatura en lingua galega.

Non é de recibo que nestes tempos de crise se oferten pagos en horas extras a traballadores/as públicos/as deixando a todo un colectivo de profesionais cualificados no desemprego e moitas veces sen ingreso ningún; e menos aínda como represalia por teren esixido estes/as traballadores/as as condicións de traballo que legalmente lles corresponden.

TEXTO

Solicitamos que a Secretaría Xeral de Política Lingüística troque a súa actitude e rectifique a decisión adoptada contratando ás persoas que viñan desenvolvendo os programas de formación e avaliación en lingua galega (CELGA, cursos de linguaxes específicas, probas libres,...). A contratación destas traballadoras e traballadores, que contan coa experiencia e cualificación específica garantirá unha formación de calidade, e dará acceso a un posto de traballo nun sector con escasísimas expectativas laborais.

Sométese a moción a votación co seguinte resultado:

Acordo

Apróbase a proposta por unanimidade

- **Moción da Comisión de equipamentos sobre a ampliación do comedor do García Barbón**

Bertila Fernández presenta a seguinte moción:

ANTECEDENTES

No CEIP García Barbón, na actualidade os nenos e as nenas están a comer en 3 quendas. Isto débese a que o comedor non ten espazo suficiente e a demanda para facer uso deste servizo é grande.

Por isto, a dirección do centro e a ANPA solicitaron a reforma do comedor para dar cabida a todo o alumnado. Despois dun tempo de xuntanzas e valoración para decidir cal era a mellor solución, apróbase facer dita reforma (anunciada nun pleno do Consello Escolar Municipal polo daquela Concelleiro de educación Santos Héctor).

Sen embargo, as obras non se levaron a cabo.

TEXTO

Esiximos que se dea unha resposta á comunidade educativa do CEIP García Barbón e que se faga a reforma necesaria no comedor para acoller ao actual número de comensais, tal e como se acordara no seu momento.

Olga Alonso comenta que estivo de visita neste centro e que é preocupante a situación porque non teñen case espazo de comedor e teñen que facer ata tres quendas para dalo servizo, xa que hai moitos usuarios. Explica que precisan darlle servizo de comedor a todos os alumnos e alumnas que o solicitan xa que para os pais é importante e non facelo suporía a perda de matrículas. Comenta que este é un centro público que funciona moi ben e que está rodeado de centros concertados que dan servizo de comedor, co cal non poden deixar de dalo para “competir” con estes centros e non perder matrícula. A Presidenta explica que aínda que desde o Concello se ten tanto o diñeiro como a vontade para facer esta reforma, existe unha lei que regula a administración local que limita as competencias dos concellos a labores de conservación, mantemento e vixilancia dos centros públicos. O problema é que esa obra pode ser considerada unha ampliación do centro e esta administración non pode facer este tipo de obra. Informa que así e todo eles xa foron dando pasos. En agosto pediron a autorización a administración competente e xa recibiron contestación que di: “logo de revisar a memoria valorada e asinada polo enxeñeiro técnico municipal na que se solicita autorización para a ampliación do comedor actual, esta unidade técnica queda enterada das obras propostas e non aprecia menoscabo algún para o centro

escolar”. Olga explica que a realidade é que non é nin unha autorización. Así e todo, desde o Concello manteñen o compromiso de facer a reforma do Comedor do CEIP García Barbón. Explica que xa se empezou o trámite administrativo e que cando este trámite estea listo que se sacará a concurso a licitación. Cóntase que o próximo curso se inicien as obras. Explica que ela falou directamente coa comunidade educativa e que lle dixo que o compromiso existe aínda que estará suxeito a que non aparezan impedimentos durante o proceso. A comunidade escolar debe saber que pode darse algún impedimento legal. Aclara que comunidade educativa xa fixo a petición á administración competente, pero esta non fixo nada e por iso llo solicitaron ao Concello.

Intervén Yolanda González de SURGAPA para comentar que lle pareceu moi desafortunada a expresión usada pola Concelleira cando di que precisan o comedor para “competir con outros centros”. Explica que ela non entende que exista tal competencia entre centros aínda que sexan concertados e públicos, porque nos dous casos se fala de educación.

Olga Alonso comenta que efectivamente non dubidan de que cando se fala de ensino concertado tamén se fala de educación e explica que a súa intención non era ofender, que probablemente a palabra mais axeitada non sexa competir. O que si é certo que os centros públicos teñen que loitar porque os alumnos non deixen o centro porque outro concertado lle ofrece un servizo aos que eles non poden chegar.

Fernando Vázquez, representando a SURGAPA, comenta que ao que se refire a súa compañeira e que parece que despois de asistir a esta xuntanza, que é a primeira a que asisten, lles dá a sensación que se está atacando ao ensino concertado, o cal lles produce moita pena, xa que sempre se fala de educación.

Yolanda González comenta que notan que desde o Concello se trata peor aos centros de ensino concertado. Explica que por exemplo que desde un centro concertado da cidade se tratou de solicitar o uso do Auditorio municipal para facer unhas charlas e que desde o Concello lle cobraban 300€, cando aos públicos non lles cobran. Carlos Bacelo, director do IES Audiovisual, comenta que isto non debe ser así porque eles teñen un auditorio grande e que cada ano máis centros públicos llo piden para facer os festivais de fin de curso porque o Concello lles cobra os 300€. Olga Alonso explica que o Concello llo cobra a todo mundo, incluso a outra concellaría. Pedro M^a Vázquez explica que como o auditorio non ten unha dotación técnica, está estipulada esta taxa para que cada vez que se usa poidan vir técnicos de son e iluminación, e que esa taxa son os 300€ que se cobran a todo o mundo.

Bertila comenta que non deben quedarse coa idea de que exista un enfrontamento entre centros públicos e concertados. Di que ela como membro de FOANPAS defende

o ensino público porque cren nel pero non están en contra de SURGAPA nin moito menos.

Olga Alonso comenta que este é un foro no que está toda a comunidade representada, pertenza ao centro que pertenza.

Yolanda González pregunta se tamén hai profesores de centros concertados e Pedro Vázquez acláralle que hai 4 docentes de ensino concertado. Eugenio de la Iglesia, comenta que el é do ensino concertado e o obxectivo deste foro é favorecer ao ensino democrático e público, e que o ensino concertado tamén é ensino público. Di que ás veces se establecen loitas que non teñen sentido, que o importante é a educación.

Dito isto, sométese a moción a votación a moción co seguinte resultado:

Acordo

Apróbase esta moción con 15 votos a favor e 1 abstención

5.- Rogos e Preguntas

Pedro M^a Vázquez comenta que foi enviado nesa mesma mañá a tódolos membros do CEMV un documento da Consellería de Educación que lles chegou polo rexistro dous días antes. Explica que se trata dunha **proposta de modificación da adscrición de determinados centros públicos do Concello de Vigo para o curso 2015/2016**. Comenta que nela se fai referencia a que o CEMV ten que emitir un informe ao respecto, informe que en ningún caso é vinculante. Posto que lles chegou dous días antes, enviouse xa por se se quería comentar nesta xuntanza, pero sabendo que o procedemento idóneo sería que se fixera unha análise desde a comisión de equipamentos, se elaborara un informe e que se convocase un Pleno extraordinario para a súa aprobación.

Carlos Bacelo comenta que como representante dos directores de secundaria, xa fixo unha sondaxe nos centros implicados e recolleu os puntos de vista destes, e comenta que lle pode pasar esta información á Comisión de Equipamentos para que o valoren á hora de facer o informe. Santiago Rodríguez e Esperanza Dacosta comenta que eles tamén recolleron xa puntos de vista de varios centros.

Olga di que lle consta que este documento está en mans dos profesores de secundaria, e pregúntalle ao representante da administración educativa se se enviou aos centros de primaria. Antonio Estévez, representante da administración educativa, comenta que os afectados son os centros de secundaria pero os de primaria non. Olga

Alonso manifiesta que non está de acordo, xa que os alumnos de primaria teñen que saber a que centro van estar adscritos.

O representante da administración educativa explica que propor este cambio obedece a unhas circunstancias puntuais, que a día de hoxe o Álvaro Cunqueiro está desbordado e que non se pode ampliar máis, co que hai que cambiar a adscrición de centros. Esta modificación fai que se produzan cambios no Alexandre Bóveda e no Santa Irene. Explica que aproveitando que se fai esta modificación, se aproveita para facer dúas máis, o cambio de adscrición do CEIP Ramón y Cajal ao IES Politécnico e da EEI Hernán Cortés ao CEIP Lope de Vega. Informa de que son cambios puntuais e explica que non se quixo facer unha proposta mais ampla para que non sucedera como ocorreu co anterior borrador. Tratouse de solucionar problemas concretos.

Xan Centrón comenta que non ten sentido que se fagan este tipo de parches. Pensa que o que se fixo dous anos atrás, aquel famoso borrador, non tiña sentido xa que se tratou dunha proposta absolutamente infundada, pero estes arranxos puntuais tampouco solucionan. O que precisa Vigo é un plan global que estea estudado e que sirva para dar un servizo durante anos.

Carlos Bacelo comenta que sobre esta proposta tamén ten que informar a Xunta Provincial e que esta non se constituirá antes de finais de mes. Comenta ademais que nunha xuntanza o Delegado territorial lles recoñeceu que non se podía facer ningunha modificación global xa que tiñan contratos coas empresas de autobuses ata 2018 e que non lle permitían facer cambios nas liñas escolares. Xan Centrón pensa que non pode ser que o beneficio dunhas empresas de transportes faga que pechen centros, que non se poidan cambiar horarios de clases,... Os transportistas blindaron o seu contrato fai case 10 anos e as circunstancias cambiaron. Hai rutas dalgúns centros que tiñan que estar suprimidas, e outros centros necesitan con urxencia un transporte que non teñen.

Olga Alonso propón que se reúna a Comisión de equipamentos, convidando a todos os membros do Consello que o desexen a analizar este documento e proceder a facer o informe. A través da asistencia técnica farase a convocatoria.

Carlos Bacelo fai un rogo con respecto ao centro que dirixe, o IES Audiovisual. Explica que neste centro non se imparte nin ESO nin Bacharelato, só ciclos formativos da familia profesional da imaxe e do son e que desde a súa creación foi un centro pensado para que abranguese a familia profesional completa. Explica que levan anos reclamando un **Ciclo Superior de Iluminación e Imaxe** e que non o conseguen pese

a ter as instalacións necesarias. Explica que fai un ano visitounos M^a Xosé Bravo Bosch e saíu ata unha foto no xornal no que se dicía que a delegada reclamaba este ciclo para Vigo. Tamén o Concello o ano anterior aprobou unha moción no Pleno pedíndolle á Consellería a implantación deste ciclo en Vigo. Pero a realidade é que non o conseguen. Aproveita para solicitar que se faga desde o Concello algunha xestión para que se retome esta petición. Lembra que en toda Galicia so hai un centro público de ensino que imparte este ciclo superior, en Coruña, e un privado, o Marcote en Vigo, o que fai que calquera alumno do sur de Galicia que queira cursar este ciclo ou se despraza a Coruña ou paga o centro privado. Xan Centrón comenta que lle parece complicado que llo concedan xa que cando o Marcote pediu crear aquí unha universidade privada, a Universidade do Atlántico, a Consellería díxolles que non pero que a cambio lles deixaría ter unha Escola de Imaxe e Son e nunca lle faría competencia desde a rede pública.

Pedro M^a Vázquez coméntalle que a canle para presentar mocións no Pleno e que estas se remitan a Consellería é facendo chegar unha moción a través das Comisións de traballo ou da Com. permanente, e recoméndalle a Carlos Bacelo que o fagan para o próximo Pleno ordinario.

Bertila Fernández pregunta se se podería trazar un sistema de traballo con **reunións periódicas** entre o Concello e a Consellería de Educación para que todos estes temas que afectan á educación se podan axilizar. Sería interesante xa que cada vez que se solicita unha xuntanza, todo vai a cámara lenta, e se se establecese un calendario de xuntanzas poderíase traballar moito mellor. Olga Alonso comenta que non sabe se este procedemento é habitual pero que ela non ten inconveniente algún en solicitar as xuntanzas que se precisen co Xefe Territorial.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 20:40h.

O SECRETARIO DO CEMV

V^o e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro M^a Vázquez Iglesias

M^a Olga Alonso Suárez